



ANUNCIO

Extracto dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Marín, na sesión ordinaria que tivo lugar o **día 12 de decembro de 2018**.

1. Apróbase o borrador da acta da sesión ordinaria do 5 de decembro de 2018.
2. Concédese licenza de obras para instalación dun ascensor no edificio de vivendas da rúa Ribeira de Abaixo, nº 9, Marín.
3. Concédese licenza de obras para a rehabilitación de porche, demolición de galpóns existentes e da escaleira de acceso ao porche e dun muro de bloques, construción de rampla de acceso en substitución das escaleiras, pavimentación de terraza e desprazamento de hórreo existente, na parcela sita en Fixón, nº 8, Marín.
4. Apróbase o proxecto de “Mellora e renovación do alumado público exterior da rúa Lameira”, cun orzamento de 48.308,41 €, cofinanciada nun 35% polo Ministerio de Fomento, segundo Acordo da Comisión Bilateral celebrada o 26/10/2017 entre o Ministerio de Fomento, o Instituto Galego da Vivenda e Solo e o Concello de Marín, relativo á área de rexeneración e renovación urbana casco vello e barrio da “Banda do río Lameira”, e solicítase subvención para o financiamento das mesmas ao abeiro do Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019, da Deputación de Pontevedra, por importe de 34.334,91 €.
5. Dáse conta da aprobación da prórroga do prazo de solicitude e xustificación dos investimentos financiados ao abeiro do Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2017.
6. Dáse conta da Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas, en réxime de concorrencia competitiva, para actuacións encamiñadas á protección dos animais domésticos de compañía abandonados en Galicia e a súa convocatoria para o ano 2019.
7. **Rogos e preguntas.** Non se formulan.

A ALCALDESA-PRESIDENTA,

María Ramallo Vázquez.

| | | |
|--|---|----------------------------------|
| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E200023BE500B8U4B2W3U7F5 en https://sede.concellodemarin.es | FIRMANTE - FECHA | DOCUMENTO 20180146405 |
| | MARIA PILAR RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 19/12/2018 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 19/12/2018 10:36:55 | Fecha: 19/12/2018 Hora: 10:36 |